

A AGADIC CREA AS PRIMEIRAS AXUDAS DE CONCESIÓN AUTOMÁTICA PARA O AUDIOVISUAL GALEGO

ESTA NOVA MODALIDADE DIRÍXESE Á AMORTIZACIÓN DE CUSTOS DE PRODUCCIÓN DE LONGAMETRAXES, TELEFILMES E DOCUMENTAIS

A ENTIDADE DA CONSELLARÍA DE CULTURA DESTINA EN 2009 UN TOTAL DE 2.700.000 EUROS A SEIS LIÑAS DE APOIO

A Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC) asume por primeira vez a convocatoria de subvencións ao sector audiovisual, que en 2009 incorpora como principal novidade unha categoría de concesión automática dirixida á amortización de custos de produción de longametraxes, telefilmes e documentais. En total, a entidade da Consellaría de Cultura destina este

ano 2.700.000 euros a seis liñas de apoio: ademais das devanditas axudas automáticas, que serán convocadas proximamente, nestes momentos xa está aberto o prazo de solicitude para os apartados referidos á produción audiovisual, creadores individuais, desenvolvemento de proxectos audiovisuais, produción de curtametraxes e videoclips e contidos interactivos.

continúa na páx. seguinte

SUMARIO

- [1-4] AGADIC
 - [5] > Centro Coreográfico Galego
 - [6] > Centro Dramático Galego
- [7] NOVIDADES EDITORIAIS
- [7] Mensaxe do DÍA DO TEATRO
- [8-9] ALERTAS
- [10-11] E_SCENA EN CIFRAS



navega por e_scena pinchando nas frechas, no índice e nos enderezos web

A AGADIC CREA AS PRIMEIRAS AXUDAS DE CONCESIÓN AUTOMÁTICA PARA O AUDIOVISUAL GALEGO

vén da páx. anterior

Coa introdución destas axudas á amortización de custos, para as que se reserva un orzamento de 600.000 euros, a AGADIC dá resposta a unha reiterada demanda do sector audiovisual galego, que amosou a súa satisfacción por este “feito histórico”, tal e como foi cualificado pola Asociación Galega de Productoras Independentes (AGAPI). Poderán optar a este apartado longametraxes cinematográficas (ficción, documental, animación), telefilmes e documentais de interese cultural galego que teñan sido obxecto de estrea comercial ou venda a televisións en aberto, por un importe non inferior a 80.000 euros, dende o 1 de xaneiro de 2008 até o 30 de outubro de 2009. A concesión será automática para aqueles proxectos que cumpran todos os requirimentos especificados nas bases.

No resto das liñas convocadas, para as que se establece xa un orzamento máximo global de 7.000.000 euros a repartir nas diferentes anualidades até 2012, as principais novidades refrense ao sistema de xustificación das axudas, así como á incorporación da capitalización do traballo ou amortizacións de instalacións e bens de equipo.

A dotación maior corresponde ás subvencións dirixidas a producións ou coproducións en lingua galega con decidido contido artístico e cultural a cargo de produtoras independentes (longametraxes cinematográficas de ficción ou animación, operas primas ou segundas longametraxes, telefilmes, documentais de creación ou de difusión cultural e longametraxes dixitais), cun orzamento de 1.100.000 euros para 2009.

CATEGORÍAS E DOTACIÓNS DAS AXUDAS AO SECTOR AUDIOVISUAL PARA 2009

Producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico:

1.100.000 € (DOG nº 33, de 17 de febreiro de 2009)

1. Longametraxes

- A. Longametraxes cinematográficas (animación e ficción)
- B. Operas primas ou segunda longametraxe
- C. Telefilmes para TV

2. Longametraxes documentais

- A. Documentais de creación
- B. Documentais de difusión cultural

3. Longametraxes dixitais de baixo orzamento

Creación audiovisual para a escrita individual de guións e a realización de curtametraxes e longametraxes en soporte dixital:

400.000 € (DOG nº 33, de 17 de febreiro de 2009)

- A. Escrita de guión
- B. Curtametraxes en soporte dixital
- C. Curtametraxes experimentais
- D. Longametraxes en soporte dixital

Desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega:

250.000 € (DOG nº 34, de 18 de febreiro de 2009)

Longametraxes de ficción, longametraxes documentais, películas para televisión, formatos innovadores para televisión, pilotos de series de animación para TV

Produción de curtametraxes en versión orixinal en lingua galega e de videoclips:

200.000 € (DOG nº 34, de 18 de febreiro de 2009)

- A. Curtametraxes en soporte dixital
- B. Curtametraxes de animación en soporte cinematográfico
- C. Curtametraxes en soporte dixital, innovadoras ou experimentais
- D. Videoclips

Desenvolvemento e produción de contidos interactivos en lingua galega:

150.000 € (DOG nº 34, de 18 de febreiro de 2009)

Amortización dos custos de produción de longametraxes cinematográficas, telefilmes e documentais de interese cultural galego:

600.000 € (Próxima convocatoria)

A. Longametraxes cinematográficas

- A.1. Longametraxes de ficción ou documentais
- A.2. Longametraxes de animación

B. Telefilmes

A AGADIC asume por primeira vez a xestión das subvencións ao sector audiovisual

Establécese un orzamento máximo global de 7.000.000 euros a repartir nas diferentes anualidades até 2012

O apoio económico ao sector complétase este ano coas bolsas para a promoción do talento audiovisual galego, dirixidas a creadores individuais para a escrita de guións e a realización de curtametraxes e longametraxes en soporte dixital (400.000 euros); así como coas axudas ao desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega –longametraxes de ficción, documentais, telefilmes, formatos innovadores para televisión, pilotos de series televisivas de animación– (250.000 euros); á produción de curtametraxes en versión orixinal galega e videoclips (200.000 euros); e ao desenvolvemento e produción de contidos dixitais interactivos en lingua galega (150.000 euros).

ESCENA

O TEATRO GALEGO PROTAGONIZA EN MADRID A MUESTRA DE TEATRO DE LAS AUTONOMÍAS

Galicia será a protagonista da Mostra de Teatro de las Autonomías, que se desenvolven no Círculo de Bellas Artes de Madrid do 3 ao 31 de marzo de 2009. Esta é a décimo cuarta edición deste encontro que cada ano concita o interese polas propostas artísticas no ámbito escénico que se xeran fóra da capital do Estado.

Xunto á representación galega, a máis numerosa das programadas, a devandita mostra acollerá tamén este ano outros espectáculos procedentes de Extremadura e de Madrid, nunha iniciativa que conta co apoio do INAEM (Instituto Nacional de las Artes Escénicas y de la Música), a Consejería de Cultura y Turismo da Comunidad de Madrid, a Concejalía de las Artes e do propio Círculo de Bellas Artes.

A dirección artística da mostra realizou a selección dos oito espectáculos galegos participantes, de modo que as compañías e montaxes que se presentarán -segundo os casos- no Teatro Fernando de Rojas ou na Sala de columnas, escenarios ambos ubicados na sede do Círculo na céntrica rúa Alcalá, compoñen unha variada e completa panorámica do teatro galego actual: Teatro do Atlántico con *Unha primavera para Aldara* (días 5 e 6), Teatro D2 con *Flores Migratorias* (días 5 e 6), Teatro de Ningures con *Bailadela de la muerte*



Unha primavera para Aldara

dichosa (días 7 e 8), Centro Dramático Galego con *Noche de Reyes* (días 16 e 17), Teatro do Noroeste con *Extrarradios* (días 19 e 20), Teatro do Morcego con *El Club de la Calceta* (días 20 e 21), Sarabela Teatro con *Margar en la mansión del tiempo* (días 21 e 22) e PT Excéntricas con *No comment: obra* (días 28 e 29).

Agás *Unha primavera para Aldara*, que se exhibirá en Madrid na súa versión orixinal en galego, todos os demais espectáculos programados interpretaranse en castelán.

+ info en www.artibus.es e www.circulobellasartes.com



Extrarradios



El Club de la Calceta

DRAMATURXIA

CONVÓCASE UNHA NOVA EDICIÓN DOS TRES PREMIOS DE LITERATURA DRAMÁTICA DA AGADIC

A Axencia Galega das Industrias Culturais acaba de facer pública a convocatoria 2009 dos seus tres premios literarios no eido dramático –XVIII Premio Álvaro Cunqueiro para Textos Teatrais, IV Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil e VII Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques (modalidades para público infantil e adulto)–, para os que abre o prazo de recepción de orixinais até o 2 de xuño.

Cunha dotación económica de 6.000 € por cada premio e modalidade, a concesión dos galardóns implica adicionalmente a posibilidade de edición dos textos dentro das coleccións dramáticas que mantén abertas a AGADIC en réxime de coedición con distintas empresas galegas. O xurado, integrado por persoas de recoñecido prestixio no ámbito literario e escénico (dous expertos en literatura dramática, dous elixidos entre escritores, dramaturgos, autores e adaptadores, e outros dous entre directores de escena e outros oficios teatrais) dará a coñecer o seu ditame antes do 26 de outubro.

As bases dos tres premios, que comparten como obxectivo o estímulo da creación literaria no eido dramático e o recoñecemento social e económico dos autores teatrais, poden consultarse no DOG nº 41 de 27 de febreiro de 2009.

+ info en www.agadic.info

MÚSICA

UN CONCERTO A CARGO DE SAMESUGAS E THE HOMENS ABRE A EXTENSIÓN DA RGMV EN CATALUÑA

A sala La (2) de Apolo, en Barcelona, acollerá o sábado 7 de marzo un concerto a cargo de Samesugas e The Homens como o primeiro dos 30 recitais que 13 bandas galegas ofrecerán até o mes de novembro en 9 locais de Cataluña. Este novo circuito, organizado a modo de extensión da Rede Galega de Música ao Vivo, é posible grazas a colaboración entre a AGADIC, o ICIC (Institut Català de les Indústries Culturals) e a ASACC (Associació de Sales de Concerts de Catalunya).

Do pop electrónico á fusión festeira, e das voces das cantadeiras ao rock máis contundente, a música galega viaxará este ano a Cataluña da man dunha representación de grupos de moi diferentes estilos que exemplifican a explosión de propostas e creatividade que está a vivir o panorama musical de Galicia. Participan nesta programación 6 PM, A Tuna Rastafari, Faltriqueira, Holywater, Jugoplastika, Lamatumbá, Moon Cresta, Nadadora, Niño y Pistola, Samesugas, Sugar Mountain, The Homens e The Blows.

As salas que acollerán os concertos son Café del Teatre (Barcelona), onde actuarán Faltriqueira o 18 de abril, 6 PM o 13 de xuño, The Homens o 16



The Homens



Samesugas

de outubro e Nadadora o 24 de outubro; El Clap (Mataró), que ofrecerá os recitais de Lamatumbá o 15 de maio e The Blows o 12 de xuño; El Sielu (Manresa), que acollerá a Holywater o 17 de abril, Jugoplastika o 8 de maio, Nadadora o 23 de outubro e A Tuna Rastafari o 6 de novembro; Faktoría d'Arts (Terrassa), que recibirá a Lamatumbá o 13 de marzo, Samesugas o 3 de abril e Niño y Pistola e The

Blows o 23 de outubro; e La (2) de Apolo (Barcelona), que programará a Samesugas e The Homens o 7 de marzo, a 6 PM o 16 de maio e a Niño y Pistola o 24 de outubro.

A música galega estenderase tamén a La Mirona (Salt) con Lamatumbá o 25 de abril e The Blows o 11 de xuño; a Lo Submarino (Rasquera), onde estarán Jugoplastika o 9 de maio, A Tuna Rastafari o 30 de maio, Su-



gar Mountain o 18 de setembro e Moon Cresta o 19 de setembro. Salamadra (L'Hospitalet) ofrecerá os concertos de Lamatumbá o 6 de xuño e The Blows o 13 de xuño e, por último, Sala Monasterio (Barcelona) prevé a asistencia de Holywater o 18 de abril, A Tuna Rastafari o 29 de maio, Moon Cresta o 18 de setembro e Sugar Mountain o 19 de setembro.

+ info en www.musicaovivo.info

ESCENA

O SECTOR ESCÉNICO GALEGO DÓTASE DO SEU PRIMEIRO CONVENIO COLECTIVO DE ACTORES E ACTRICES

O sector escénico galego dótase do seu I Convenio de Actores e Actrices de Teatro, que regulará por primeira vez as condicións laborais da profesión a partir do texto acordado polos representantes dos sindicatos CC.OO., CIG, UXT, da Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), da asociación Escena Galega, e da Axencia Galega das Industrias Culturais (AGADIC).

Este convenio colectivo, asinado o pasado 18 de febreiro na sede do Consello Galego de Relacións Laborais, nace coa vocación de ser considerado como unha referencia no plano das artes escénicas e de contribuír decisivamente á promoción e consolidación da profesión teatral que, ata o momento, non contaba cunha regularización laboral propia que tivera en conta as especiais características que afectan ao desenvolvemento do traballo actoral.

Ámbito

O I Convenio de Actores e Actrices de Teatro de Galicia afectará

a todas as empresas e a todos os actores e actrices contratados por elas dentro do ámbito da Comunidade autónoma para realizar representacións de calquera xénero teatral en vivo, a través de producións públicas, privadas ou coproducións.

O documento consta de preámbulo e 27 artigos, entre os que destacan os referidos ás fórmulas de contratación laboral, á clasificación profesional en catro categorías (protagonista, principal, secundario e reparto), á prestación laboral por ensaios e substitucións, á xornada laboral e ao réxime de traballo, onde se regula así mesmo a contratación de menores para a súa participación en espectáculos públicos.

Ademais, o articulado acompaña de varios anexos nos que se establecen as retribucións económicas de 2009 para as catro categorías profesionais estipuladas en función da compañía contratante (privada ou pública), así como un contrato tipo especial para artistas.

+ info en www.aadteg.org



GISELIÑA



O CENTRO COREOGRÁFICO ESTREA UNHA VERSIÓN LIBRE DE "GISELLE" DIRIXIDA POR CISCO AZNAR

O Centro Coreográfico Galego (CCG) estrea *Giseliña* o sábado 7 de marzo no Teatro Rosalía Castro da Coruña. A que é a terceira produción propia da entidade está dirixida polo coreógrafo Cisco Aznar e coproducida co teatro La Laboral de Xixón e o Centro Párraga de Murcia. Trala estrea na Coruña, onde se representará tamén o día 8, *Giseliña* poderá verse en distintos teatros galegos, viaxará a outros escenarios da xeografía española e exhibirase tamén en Marrocos (nas cidades de Rabat e Tetuán) e Xordania (en Amán).

En paralelo a unha extensa xira que se prolongará durante varios meses, o CCG desenvolve diversas actividades formativas para achegar ao público a linguaxe de Cisco Aznar, coreógrafo catalán asentado en Suíza de grande recoñecemento internacional.

A proposta de Aznar é unha adaptación moi libre e poética do ballet clásico *Giselle*, que se inspira na tradición popular galega relacionada con figuras da morte e o sobrenatural, como son as meigas ou a Santa Compañía. As *willis*, noivas que mo-

rrían virxes e facían bailar aos homes ata que estes finaban, substitúense aquí por bruxas, do mesmo xeito que o bosque múdase polo mar e a súa determinación no carácter galego.

Amor e morte

O coreógrafo constrúe nesta peza un mundo polo que deambulan as pantasma do pasado, un mundo cunha estética moi persoal que apoia uns movementos cargados de expresividade. Os bailaríns interpretan a seres que se moven arredor das grandes paixóns, como son o

amor ou a morte. A plasticidade das máscaras e o vestiario, o espazo sonoro, a escenografía e a proxección de vídeo crean unha atmosfera chea de fantasía, que nos achega a un mundo sobrenatural e sobrecollador.

Os 12 bailaríns e bailarinas que conforman o corpo de baile son Noemi Alberganti, Jorge Brea, Katja J. Geiger, Álvaro Esteban, Alba Fernández, Carmela García, Satoko Kojima, Amparo Novás, Ana Beatriz Pérez, Miguel Ángel Ponte, Julio César Quintanilla, Hannah Shakti e Jordi Vilaseca.

O director

Cisco Aznar é na actualidade o director artístico da compañía suíza Buissonnière. Nado en Cataluña, ao rematar os seus estudos na Escola de Arte Dramática e Coreográfica de Barcelona representou a España no Taller Coreográfico Europeo en Luxemburgo e no ano 1992 recibe unha bolsa de estudos para realizar o Taller de Maurice Béjart.



Dende 1993 traballa como bailarín e coreógrafo en Europa e América Latina, colaborando, entre outros, con compañías e profesionais como o Teatro do Liceo en Barcelona, Julio Bocca e Anna Maria Stekelmann en Bos Aires, o Grupo Vórtice en Brasil ou a compañía Nomades, Paco Decina, Redha e Philippe

Lizon en Suíza. En 1998 asume a dirección artística da compañía de Lausanne Buissonnière tamén en Suíza.

Entre as súas creacións cómpre destacar a fantástica versión de *Coppélia* que realizou no ano 2006 para o Ballet du Grand Théâtre de Genève. No ano 1998 obtivo o Premio ao Mellor Espectáculo no Festival de Danse do Triángulo Mineiro (Brasil) por Adán e Pepa, en 2003 foi galardoado co Premio Jeunes Créateurs pour la Danse da Fondation Vaudoise e en 2007 obtivo o contrato de confianza de Lausanne, no Estado de Vaud e Pro Helvetia, para formar parte do equipo do Project Danse.

Próximas funcións

Estrea: 7 e 8 de marzo no Teatro Rosalía Castro [A Coruña]

10 de marzo: Auditorio de Galicia [Santiago] | 14 de marzo: Pazo da Cultura [Narón] | 15 de marzo: Centro Cultural Caixanova [Vigo] | 21 de marzo: Auditorio Municipal [Cangas] | 24 de marzo: Rabat [Marrocos] | 26 de marzo: Tetuán [Marrocos] | 1 de abril: Auditorio A [Puertollano] | 3 e 4 de abril: La Laboral [Xixón] | 17 e 18 de abril: Centro Párraga [Murcia] | 24 de abril: Pazo da Cultura [Pontevedra] | 27 de abril: Amann [Xordania] | 29 e 30 de abril: Teatro Principal [Ourense] | 9 de maio: Teatro Jofre [Ferrol] | 16 de maio: Teatro Zorrilla [Badalona] | 22 de maio: Teatro Área Panorámica [Tui]

CENTRO DRAMÁTICO GALEGO [CDG]

ESTREA

O CABARÉ DE "AS DUNAS" CHEGA AO SALÓN TEATRO

O Salón Teatro de Santiago subirá o pano o vindeiro venres 6 de marzo para a agardada estrea de *As dunas*, a obra que Manuel Lourenzo escribiu especificamente para ser levada a escena polo Centro Dramático Galego da man de Quico Cadaval. Autor e director refírense a esta proposta como un "cabaré sobre o paraíso perdido", unha comedia cun destacado compo-

ñente onírico e con certo pouso agriadoce que fala de especulación urbanística, de corrupción política, de amor e de sexo. A nova produción da compañía pública poderá verse no escenario compostelán durante todo o mes (con funcións para público xeral os venres e sábados, ás 20.30 horas; e os domingos, ás 18.00), iniciando despois unha xira galega que se prolongará até maio.

Teatro, danza e música en directo mestúranse nesta montaxe ambientada na Mariña luguesa, para a que Cadaval contou cun elenco interpretativo multidisciplinar do que forman parte tanto nomes consagrados como novos valores da escena galega: Paula Buján, Evaristo

Calvo, Paulo Oliveira, Manuel Cortés, Susana Dans, Christian Escuredo, Juan Carlos Mosquera "Mos", Iria Pinheiro, Rodrigo Roel e Davide Salvado. Completan o equipo artístico Baltasar Patiño, no deseño do espazo escénico e da iluminación, Gilda Bonpresa (vestiario), Armando Martén (coreografía), Bernardo Martínez (espazo sonoro) e Hugo Torres como axudante de dirección.

Estética dos setenta

A estética do espectáculo inspírase na cultura popular dos anos setenta, especialmente nos filmes da chamada terceira vía (a medio camiño entre o cine chabacano e o intelectual), no cómic e na telenovela ou

fotonovela. O resultado, en palabras do propio director, é "unha especie de pastiche cun pouco de aventura, un pouco de crítica política, un pouco de sexo e un pouco de risa", unha obra moi galega ao tempo que moi exótica.

A acción transcorre nunha nave industrial en desuso, que o construtor Florencio Pardo quere converter nun gran complexo turístico-musical destinado a satisfacer "todo tipo de refinados praceres do corpo". Para tal empresa, convocará a gobernanta Lola, o intendente Serapio, o empregado Calí Caiaite e unha tropa estafalaria de músicos, bailaríns e cantantes para animar a inauguración do *free spa* "As dunas".



Manuel Lourenzo



Quico Cadaval

Suma de talentos

Premio Nacional da Cultura Galega 2008 na categoría de Artes Escénicas, Manuel Lourenzo (Ferreira do Valadouro, 1943) é un dos grandes nomes do teatro galego contemporáneo, no que deixou unha forte pegada a través dos numerosos e aplaudidos traballos que ten asinado como autor, director, actor, tradutor, teórico, editor, profesor, fundador de varias compañías...

Para dirixir a obra resultante da súa experiencia como dramaturgo residente do CDG, o autor mariñán propuxo ao tamén polifacético Quico Cadaval (Ribeira, 1960), un dos directores máis consagrados da escena galega actual, que volve traballar para a compañía pública tralo éxito acadado durante a pasada temporada coa súa versión da *Noite de Reis* de Shakespeare.

Próximas funcións

Santiago de Compostela |
Salón Teatro | Estrea: venres 6 de marzo ás 21.00 h | Funcións para público xeral: venres 13, 20 e 27 ás 20.30 h | sábados 7, 14, 21 e 28 ás 20.30 h | domingos 8, 15, 22 e 29 ás 18.00 h
Funcións escolares: mércores 11 e 25 de marzo e 1 de abril ás 11.00 h | xoves 12 e 26 de marzo e 2 de abril ás 11.00 h

O Barco de Valdeorras |
Teatro Lauro Olmo | 17 de abril

A Coruña | Teatro Rosalía de Castro | 24 e 25 de abril, ás 20.30 h

Vigo | Centro Cultural Caixanova | 29 e 30 de abril, ás 20.30 h

Tui | Teatro Municipal "Área Panorámica" | 8 de maio, ás 21.30 h | 9 de maio, ás 20.30 h

Vilagarcía de Arousa |
Auditorio Municipal | 14 e 15 de maio

Ourense | Teatro Principal | 22 e 23 de maio, ás 20.30 h

Narón | Pazo da Cultura | 29 e 30 de maio

Ferrol | Teatro Jofre | 13 de xuño





CCG. Informe de actividade 07-08

Centro Coreográfico Galego

Edita: AGADIC
Edición non venal

Coa publicación da súa memoria de actividade, o Centro Coreográfico Galego achega aos lectores unha panorámica xeral do seu traballo a prol da danza a través das múltiples accións que desenvolveu esta unidade da AGADIC durante a pasada temporada.



Giseliña. Unidade didáctica

Cristina López Villar

Edita: AGADIC
Edición electrónica en
www.centrocoreograficogalego.org

Publicación pensada para facilitar a aproximación dos espectadores máis novos á danza a través da última produción do Centro Coreográfico Galego, *Giseliña*, creada e dirixida por Cisco Aznar. A unidade pretende servir de guía para que mestres e alumnos traballen na clase tanto antes como despois de asistir ao espectáculo.

27 DE MARZO, DÍA MUNDIAL DO TEATRO

O Día Mundial do Teatro creouse en 1961 polo Instituto Internacional do Teatro (ITI), organización non gubernamental dependente da UNESCO con sede en París. Celébrase anualmente o 27 de marzo e unha das súas iniciativas é a circulación da Mensaxe Internacional, que este ano asina o dramaturgo e director de teatro brasileiro Augusto Boal:

Todas as sociedades humanas son *espectaculares* na súa vida cotiá, e producen *espectáculos* en momentos especiais. Son *espectaculares* como forma de organización social, e producen *espectáculos* como este que vostedes viñeron ver.

Malia que inconscientemente, as relacións humanas estrutúranse de forma teatral: o uso do espazo, a linguaxe do corpo, a elección das palabras e a modulación das voces, a confrontación de ideas e paixóns, todo o que facemos no escenario facémolo sempre nas nosas vidas: nós somos teatro!

Non só as vodas e os funerais son espectáculos, senón tamén os rituais cotiáns que, pola súa familiaridade, non nos chegan á consciencia. Non só *pompas*, senón tamén o café da mañá e os bos días, os tímidos namoramentos, os grandes conflitos pasionais, unha sesión do Senado ou unha reunión diplomática; todo é teatro.

Unha das principais funcións da nosa arte é facer conscientes eses espectáculos da vida diaria onde os actores son os propios espectadores e o escenario é a platea e a platea, escenario. Somos todos artistas: facendo teatro, aprendemos a ver aquilo que resalta aos ollos, pero que somos incapaces de ver ao estarmos tan habituados a miralo. O que nos é familiar convértese en invisible: facer teatro, pola contra, ilumina o escenario da nosa vida cotiá.

En setembro do ano pasado fomos sorprendidos por unha revelación teatral: nós pensabamos que viviamos nun mundo seguro, a pesar das guerras, xenocidios, hecatombes e torturas que estaban acaecendo, si, pero lonxe de nós, en países distantes e salvaxes. Nós, que viviamos seguros co noso diñeiro gardado nun banco respectable ou nas mans dun honesto corredor de Bolsa, fomos informados de que ese diñeiro non existía, era virtual, fea ficción dalgúns economistas que non eran ficción, nin eran seguros, nin respectables. Non pasaba de ser mal teatro con triste enredo, onde poucos gañaban moito e moitos perdían todo. Políticos dos países ricos encerrábanse en reunións secretas e de aí saían con solucións máxicas. Nós, as vítimas das súas decisións, continuabamos de espectadores sentados na última fila das bancadas.

Vinte anos atrás, eu dirixín *Fedra* de Racine, en Rio de Janeiro. O escenario era pobre: no chan, peles de vaca; arredor, bambús. Antes de comezar o espectáculo, dícialles aos meus actores: “Agora acaba a ficción que facemos no día a día. Cando crucemos eses bambús, alá no escenario, ningún de vós ten dereito a mentir. O Teatro é a Verdade Escondida”.

Vendo o mundo, ademais das aparencias, vemos opresores e oprimidos en todas as sociedades, etnias, xéneros, clases e castes, vemos o mundo inxusto e cruel. Temos a obriga de inventar outro mundo porque sabemos que outro mundo é posible. Pero atínxenos a nós construílo coas nosas mans entrando en escena, no escenario e na vida.

Asistan ao espectáculo que vai comezar; despois, nas súas casas cos seus amigos, fagan as súas obras vostedes mesmos e vexan o que xamais puideron ver: aquilo que salta aos nosos ollos. O teatro non pode ser soamente un evento, é forma de vida!

Actores somos todos nós, e *cidadán* non é aquel que vive en sociedade: é aquel que a transforma!

máis información en www.iti-unesco.org

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

* Un mes dende a formalización dos préstamos obxecto de subsidiación e, en todo caso, con anterioridade ao 31 de outubro de 2009. Para os préstamos formalizados antes da publicación desta convocatoria, o prazo finalizou o 28 de febreiro.

** Para os espectáculos distribuídos entre o 1 de novembro de 2008 e o 28 de xaneiro de 2009, o prazo finalizou o 28 de febreiro. Para o resto, o 31 de outubro.

*** Para as actividades realizadas entre o 1 de novembro de 2008 e o 28 de xaneiro de 2009, o prazo finalizou o 28 de febreiro. Para o resto, o 31 de outubro.

Convocatoria	Contido	Dirixido a	Data límite
Subvencións da AGADIC ás industrias culturais 2009 (DOG nº 19 de 28 de xaneiro de 2009)	B. Programa Crédito-Cultura	Sociedades mercantís dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de servizos de consumo cultural, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia.	31 de outubro*
	D. Distribución	Persoas físicas e/ou xurídicas dedicadas profesionalmente á actividade de produción e distribución de espectáculos de artes escénicas ou musicais, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia, coa excepción das asociacións e entidades sen fins de lucro.	31 de outubro**
	D.1. Distribución exterior de espectáculos de artes escénicas e musicais producidos por empresas galegas	Sociedades mercantís dedicadas á actividade de produción e distribución de bens ou servizos culturais, con domicilio, sede social ou establecemento permanente en Galicia, para a asistencia a feiras ou mercados culturais con <i>stand</i> propio, da asociación de empresarios do sector ou da Consellaría de Cultura e Deporte.	31 de outubro***
Subvencións da AGADIC ao sector audiovisual 2009 (DOG nº 33 de 17 de febreiro e nº 34 de 18 de febreiro de 2009)	1. Producións ou coproducións audiovisuais en lingua galega con decidido contido artístico e cultural	Produtoras audiovisuais independentes.	17 de marzo
	A. Longametraxes		
	A.1. Longametraxes cinematográficas (animación e ficción)		
	A.2. Operas primas ou segunda longametraxe		
	A.3. Telefilmes		
	B. Longametraxes documentais		
	B.1. Documentais de creación		
	B.2. Documentais de difusión cultural		
	C. Longametraxes dixitais de baixo orzamento		
	2. Creación audiovisual para o desenvolvemento e promoción do talento audiovisual galego	Creadores individuais (persoas físicas naturais ou residentes en Galicia, cando menos durante o ano previo á convocatoria).	18 de marzo
	A. Escrita de guión		
	B. Curtametraxes en soporte audiovisual		
	C. Curtametraxes experimentais		
	D. Longametraxes en soporte dixital		
	3. Desenvolvemento de proxectos audiovisuais en lingua galega	Persoas físicas naturais ou residentes en Galicia, cando menos durante os dous anos previo á convocatoria, e produtoras audiovisuais independentes.	próxima convocatoria
	4. Produción de curtametraxes en versión orixinal en lingua galega, así como de videoclip	Produtoras audiovisuais independentes ou empresas discográficas.	
	5. Desenvolvemento e produción de contidos interactivos en lingua galega	Empresas de contidos interactivos.	
	6. Amortización dos custos de produción de longametraxes cinematográficas, telefilmes e documentais de interese cultural galego	Produtoras audiovisuais independentes.	

CONVOCATORIAS, PRAZOS, PREMIOS E CERTAMES [ALERTAS]

Convocatoria	Contido	Dirixido a	Data límite
Premios á creación literaria no eido dramático (DOG nº 41, de 27 de febreiro de 2009)	XVIII Premio Álvaro Cunqueiro de Textos Teatrais (Dotación económica: 6.000 €)	Textos teatrais inéditos, escritos en galego conforme á normativa vixente, non representados nin premiados noutros concursos.	2 de xuño
	IV Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil (Dotación económica: 6.000 €)	Textos teatrais inéditos dirixidos a público infantil, escritos en galego conforme á normativa vixente e non representados nin premiados noutros concursos.	
	VII Premio Barriga Verde de Textos para Teatro de Monicreques. 2 modalidades: rapaces e adultos (Dotación económica: 6.000 € por modalidade)	Textos inéditos para teatro de monicreques, escritos en galego conforme á normativa vixente e non representados nin premiados noutros concursos.	
RGMV-Outonalidades: inscrición de grupos	Os grupos interesados en formar parte da programación deste circuïto portugués, que se desenvolverá no último trimestre de 2009, poden consultar as normas de funcionamento e descargar o formulario de inscrición en: http://www.agadic.info/servizos/convocatoria.php?id=122&lg=gal	Grupos galegos inscritos na Rede Galega de Música ao Vivo. Máis información: Departamento de Programación da AGADIC programacionagadic.1@xunta.es Tel: 981 577126. ext.103	16 de marzo
Rede Galega de Teatros e Auditorios e Rede Galega de Salas: inscrición de compañías	A inscrición de espectáculos para o 2º semestre de 2009 da RGTa e RGS realízase a través da web www.galescena.info .	Compañías escénicas de carácter profesional	30 de marzo
EAEM: probas de selección de alumnos	Recepción de solicitudes para participar nas probas de selección de alumnos da promoción 2009/2011 da Sección de Especialización da Escola de Altos Estudos Musicais nas especialidades de violín, viola, violonchelo, contrabaixo, óboe, frauta, clarinete, fagot, trompa, trompeta, percusión e trombón.	Músicos galegos ou residentes en Galicia, menores de 25 anos, que estean en posesión do título de Grao Superior de Conservatorio e os que acrediten, a xuízo do tribunal, un nivel suficiente no dominio instrumental. Máis información: http://www.agadic.info/servizos/convocatoria.php?id=124&lg=gal	27 de abril
CCG. Curso Os lugares do corpo	A coreógrafa e bailarina Claudia Facci impartirá este curso do 16 ao 20 e do 23 ao 27 de marzo na sede do Centro Coreográfico Galego. O obxectivo do taller é proporcionar aos alumnos ferramentas de traballo que lles permitan participar da creación contemporánea a través da práctica e da observación.	Vinte prazos para actores, bailaríns profesionais e estudantes de nivel medio-alto. Matrícula: 120 euros Máis información: www.centrocoreografico.org	Aberto o prazo de inscrición

Outras convocatorias de interese:

- Axencia Audiovisual Galega: www.axenciaaudiovisualgalega.org
- Consorcio Audiovisual de Galicia: www.consorcioaudiovisualdeg Galicia.org
- Instituto de la Cinematografía y de las Artes Visuales (ICAA): <http://www.mcu.es/cine/SC/becasAyudasSubvenciones/index.html>
- Programa Media da Comisión Europea: www.mediadeskspain.eu
- Fondo Iberoamericano de Axuda Ibermedia 2009: www.programaibermedia.com
- Fondo Iberoamericano de Axuda Iberescena 2010: www.iberescena.org

REXISTRO DE DATOS XANEIRO-NOVEMBRO 2008
 [E_SCENA EN CIFRAS]

(*) Desglose en anteriores números de e_scena
 (**) Para os datos de *Noite de Reis* e *Valdemuller* previos ás súas reposicións, consultar anteriores números de e_scena

AGADIC

CDG

Produción con distribución pechada (*)

Estigma				
Produccións con distribución en curso (**)				
CONCELLO	ESPECTÁCULO	FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Braga	<i>Noite de Reis</i>	1	600,00	[non dispoñible]
Almagro	<i>Noite de Reis</i>	3	259,33	1.986,67 €
Santiago	<i>Noite de Reis</i>	5	187,60	1.403,00 €
Santiago	<i>Valdemuller</i>	1	77,00	223,00 €
Santiago	<i>A boa persoa de Sezuán</i>	7	142,71	366,57 €
Carballo	<i>A boa persoa de Sezuán</i>	1	294,00	1.225,74 €
A Coruña	<i>A boa persoa de Sezuán</i>	2	465,50	3.748,98 €
Tui	<i>A boa persoa de Sezuán</i>	2	125,00	853,00 €
Lugo	<i>A boa persoa de Sezuán</i>	1	249,00	1.248,00 €

CCG

Produción con distribución pechada (*)

Kiosco das almas perdidas				
SALÓN TEATRO				
COMPAÑÍA	ESPECTÁCULO	FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNC
Ángels Margarit / Cia. Mudances	<i>Larandland</i>	2	84,50	487,50 €
Factoría Escénica Internacional	<i>El agresor</i>	2	48,50	195,00 €
Cía. Daniel Abreu + CCG	<i>Negro</i>	2	88,50	477 €
Sinsal	Matt Valentine & Erika Elder... + Igloo	1	91,00	518,00 €
Sinsal	Michael Gira + (r)	1	87,00	554,00 €
Voadora	<i>PeriFeria</i>	2	149,50	137,50 €
Sinsal	Baby Dee + O Fillo Pausado	1	145,00	1.152,00 €
Uróc Teatro	<i>Ados@dos</i>	2	69,00	441,50 €
CDG	<i>Valdemuller</i>	19	110,63	328,26 €
CDG	<i>Estigma</i>	13	80,62	214,23 €
Sond'Ar-te ElectricEnsemble	Homenaxe a Henrique X. Macías	1	55,00	[func. gratutita]
AcciónST	Teatro delle Ariette, Nut Teatro e Teatro D2	2	54,50	283,00 €
AcciónST	Teatro delle Ariette, Roberto Leal & Friends e Iván Marcos	2	61,50	620,50 €
Ciclo Novas Músicas	Fran Pérez e Manecas Costa	1	95,00	684,00 €
"	Nordestin@s	1	110,00	835,00 €
"	Carmen Dor	1	45,00	318,00 €
Teatro de Ningures	<i>Bailadela da morte ditosa</i>	2	137,50	85,00 €
CDG	<i>Noite de Reis</i>	5	187,60	1.403,00 €
Matarile Teatro	<i>Animales artificiales</i>	4	118,00	578,25 €
CaChuzo Teatro	<i>Game Over</i>	3	125,67	274,67 €
Lagarta Lagarta	<i>Aeroplanos</i>	4	154,75	956,00 €
CDG	<i>A boa persoa de Sezuán</i>	7	219,00	430,00 €
Kónic Thtr.	<i>Nou_ID</i>	2	42,50	164,00 €
Atra Bilis	<i>El año de Ricardo</i>	2	99,00	458,00 €

TOTAL ACUMULADOS 2007

	FUNCIONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	113	16.096	52,28%	55.321,00 €
<i>O regreso ao deserto</i> (CDG)	4	625	35,84%	2.930,80 €
<i>Tarárá Chis Pum</i> (CDG)	46	10.267	61,91%	20.245,64 €
<i>A Piragua</i> (CDG)	37	4.729	35,61%	12.531,00 €
<i>Vacuo</i> (CCG)	30	6.500	48,12%	26.617,85 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	36	9.360	61,46%	37.675,70 €

TOTAL ACUMULADOS 2008

	FUNCIONS	PÚBLICO	OCUPACIÓN	FACTURADO
Salón Teatro	82	8.873	41,35%	36.323,00 €
<i>Noite de Reis</i> (CDG)	16	4.986	68,35%	28.888,20 €
<i>Valdemuller</i> (CDG)	57	7.835	35,04%	14.133,65 €
<i>Estigma</i> (CDG)	26	3.602	30,75%	7.950,80 €
<i>Kiosco das almas perdidas</i> (CCG)	33	7.309	33,88%	33.487,91 €
<i>A boa persoa de Sezuán</i> (CDG)	13	2.723	48,97%	14.243,69 €

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

COMPAÑÍAS

COMPAÑÍA	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
40 Pasos	6	184	1.021,07 €
A Factoría Teatro	5	93,8	439,70 €
A Internacional	4	201,75	683,75 €
Abada Teatro-Carlos Blanco	10	332,6	1.730,00 €
Albions Teatro	2	103,5	255,00 €
Ancestral Servicios Musicales, S.L.	2	393,5	800,00 €
Ancora Produccións	1	85	236,00 €
Arela das Artes	3	83,33	194,83 €
Artello Teatro Alla Scala 1:5	14	152	294,27 €
Artesán Teatro	5	74,6	182,00 €
Bacana	21	136,14	477,93 €
Bengala Produccións	4	230,5	353,50 €
Berrobambán Teatro	9	158,67	428,59 €
Bstudiodanza	3	82,67	231,83 €
Búho y Maravillas	3	188	691,67 €
Caramuxo Teatro	7	122,14	244,50 €
Chelicia, Grupo de Violonchelos de Compostela	1	49	122,50 €
Chrystyan Magic	6	195,33	366,80 €
Cía Daniel Abreu	1	47	80,00 €
Cía Pepe Hevia	1	50	260,00 €
Cía. Galega de Danza Contemporánea -Ballet Jesús Quiroga	1	459	1.849,00 €
Colectivo Danzón	1	89	185,00 €
Compañía Femme Fatale	4	103,5	468,75 €
Cuarta Pared	6	130	732,07 €
Cuarteto Ephimere	1	87	246,00 €
Cuarteto para o Fin dos Tempos	1	21	73,50 €
Cyrille Sinclair	3	186,67	321,83 €
D2	2	132,5	202,50 €
Dani García	2	94	148,75 €
Decamerón e Cía.	2	46,5	116,50 €
Disque Danza	11	132,82	323,34 €
Druidadanza	1	296	2.547,00 €
Dúo Dürichen-Permyu	2	85	165,00 €
Dúo Saxo Piano, Alejandro Cabalar-Laura Díaz	1	65	42,00 €
Encena Produccións Artísticas S.L.	5	113	399,60 €
Ensemble Vigo 430	1	66	198,00 €
Entremans	5	79,4	280,40 €
Espello Cóncavo	9	135,11	416,61 €
Experimentadanza	2	69	187,25 €
Fulano, Mengano e Citano	19	108,47	314,17 €
Galitoon	19	209	480,66 €
Grupo de Música Antiga 1500	2	41,5	93,75 €
Grupo de Música Antiga Martín Códax	2	93,5	63,00 €
Grupo de Teatro Lope de Vigo	11	91,82	242,23 €
Ilusionista Pedro Volta	3	96,33	211,17 €
Iria Producciones S.L.	9	232,89	1.201,94 €
Javier Muro	6	126,17	244,53 €

La Imagina Machina	14	138,29	357,16 €
Lagarta Lagarta	22	180,55	772,93 €
Lambriaca Teatro	5	91,8	160,10 €
Ludus Tonalis	2	100	30,00 €
Luis Boyano	2	97,5	234,00 €
Mago Benxamín	5	166,6	311,20 €
Mago Calí	3	128,67	384,67 €
Mago Norberto	2	222	313,38 €
Mago Pablo	2	237,5	325,65 €
Mago Romarís	1	260	728,00 €
Mago Xacobe Sanz	3	243,67	438,20 €
Malasombra	9	113,89	363,94 €
Marco González Tango Argentino	4	182,25	330,75 €
Migallas Teatro	7	95	190,14 €
Miroscopio Perdicións	3	121,67	329,17 €
Musik-Walk	3	65,67	226,00 €
Nova Galega de Danza	2	460,5	5.786,50 €
Nova Poesía	1	62	132,50 €
Nunca +1	4	71	179,50 €
Nut Teatro	9	66,78	189,83 €
O Mago Teto	4	116,25	296,75 €
Orquestra de Cámara de Galicia	2	107	246,00 €
Os Monicreques de Kukas	14	124,57	218,39 €
Os Quinquilláns	7	197,57	383,86 €
Pisando Ovos	6	41,5	103,67 €
Pistacatro Productora de Sonos	13	165,92	713,08 €
Produccións Acontrabutaca	10	190,6	522,09 €
Pt Excéntricas	7	139,71	605,29 €
Quinteto de Vento Metal Santa Cecilia	4	98,25	178,75 €
Román García	2	60	195,00 €
Sapristi	5	141,4	233,95 €
Sarabela Teatro	24	171,83	730,54 €
Sexteto de Corda no Mar	1	92	0,00 €
Talía Teatro	41	159,73	427,70 €
Tanxarina Títeres	13	177,15	309,96 €
Teatro de Adro	17	94,59	395,82 €
Teatro de Ningures	23	102,61	349,83 €
Teatro del Andamio	13	100,92	204,27 €
Teatro del Duende	3	173,67	1.382,67 €
Teatro do Atlántico	14	150,64	593,46 €
Teatro do Morcego	26	170,77	723,79 €
Teatro do Noroeste	19	90,89	309,08 €
Teatro Ensalle	5	50,6	169,60 €
Teatro Galileo	21	119,67	454,73 €
Teatro Gorakada	3	287,67	614,00 €
Teatro Meridional S.L.	3	240	1.416,00 €
Teresa Nieto en Compañía	2	195,5	2.063,50 €
The Pinga Teatro	2	165	383,50 €
Títeres Cachirulo	11	182,55	284,83 €
Títeres Tropicalllo	10	164,1	324,65 €
Trakatap	1	71	87,00 €
Vocalise	1	157	345,00 €
Volta e Dálle Teatro	7	100,14	321,39 €

CONCELLOS/ENTIDADES

ENTIDADE/CONCELLO	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCIÓN
A Coruña. IMCE	46	203,07	1.080,32 €
A Coruña. Colón Caixa Galicia	7	252	885,89 €
A Estrada	16	98,38	294,38 €
Ames	21	87,19	187,08 €
Arteixo	15	145,2	375,86 €
As Pontes de García Rodríguez	9	139,11	365,72 €
Betanzos	8	107,38	315,81 €
Boiro	15	154,6	244,23 €
Burela	15	249,67	684,17 €
Cambados	10	107,1	132,30 €

Cangas de Morrazo	23	151,52	435,57 €
Carballo	21	133,33	395,84 €
Cedeira	16	119,94	174,97 €
Cee	11	98,91	216,27 €
Culleredo	10	46,4	99,75 €
Ferrol	28	72,36	276,71 €
Foz	17	107,35	233,26 €
Gondomar	5	167	564,90 €
Lalín	8	65,13	171,06 €
Lugo	5	195,4	480,80 €
Mondoñedo	8	60,63	194,00 €
Monforte de Lemos	11	127,45	320,73 €
Muros	13	107,69	209,92 €
Narón	35	214,54	886,31 €
Noia	7	119,86	374,86 €
O Barco de Valdeorras	15	138,2	553,27 €
O Carballiño	8	95,25	249,50 €
Oleiros	9	132,22	424,78 €
Ortigueira	12	71,33	211,25 €
Ourense. Teatro Principal	28	133,89	894,57 €
Ourense. Auditorio Municipal	19	151,16	212,21 €
Ponteareas	8	170,88	416,94 €
Pontevedra	18	348,39	948,78 €
Redondela	13	183,15	333,23 €
Ribadavia	8	119,5	302,63 €
Ribadeo	9	121,67	284,00 €
Sada	18	100,39	186,72 €
San Sadurniño	8	55,25	113,94 €
Santiago de Compostela	41	139,98	494,24 €
Sanxenxo	9	99,78	380,56 €
Tui	15	251,27	847,17 €
Vigo. Auditorio Municipal	20	137,5	386,30 €
Vigo. Caixanova	11	195,73	1.200,18 €
Vilagarcía de Arousa	2	75,5	121,00 €
Vilalba	12	54,42	113,00 €
Viveiro	13	147,69	352,92 €

TOTAIS RGTA (ATÉ NOVEMBRO)	2006	2007	2008
Funcións	512	574	676
Público	85.112	70.578	97.363
Ocupación	49,94%	32,91%	37,90%
Facturado	191.750,70 €	215.799,31 €	318.748,74 €

REDE GALEGA DE SALAS

SALA	Nº FUNCIONS	ESPECT/FUNC	FACT/FUNCION
Sala Nasa (Santiago)	30	34,47	198,27 €
Sala Santart (Santiago)	15	27	107,00 €
Teatro Arte Livre (Vigo)	30	11,4	94,17 €
Teatro del Andamio (A Coruña)	51	35,71	131,69 €
Teatro Ensalle (Vigo)	30	18,5	126,70 €
Teatro Escena-Arteria Noroeste (Santiago)	16	34,44	107,06 €

TOTAIS RGS (ATÉ NOVEMBRO)	2007	2008
Funcións	124	172
Público	3.904	4.708
Ocupación	38,69%	44,37%
Facturado	19.909,00 €	22.608,00 €*

* **Fe de erros:** O total de facturación até setembro é de 14.719 € e até de outubro, de 18.033 €, no canto das cifras que figuran no e_scena nº 31 e nº 23, respectivamente.

REDE GALEGA DE MÚSICA AO VIVO

GRUPOS

GRUPO	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
A Tuna Rastafari	6	102,83	299,33 €
Aguardiente Swing Quartet	7	49,43	196,71 €
Alberto Pérez	9	55,56	215,06 €
Alegales	9	42,89	89,67 €
Álvaro Muras	11	26,91	55,36 €
Álvaro Vieito Trío	10	34,9	84,90 €
Ataque Escampe	7	33,43	73,71 €
Avelaíña	5	26,8	62,60 €
Balakandra	5	24,2	59,80 €
Bruno T. Ford	8	34,5	94,88 €
Bukowski Blues Trío?	12	39	108,92 €
Capitán Furilo	9	31,22	61,67 €
Carlos Childe Troupe	6	48	134,17 €
Carlos López Quartet	6	24,67	102,00 €
Carmen Dor	3	38	102,33 €
Cayetano Lledó	2	52	156,00 €
Coanhadeira	7	30,14	58,86 €
Colectivooruga	4	26,75	63,50 €
Cool Beat	6	27,17	85,67 €
Cornelius	11	73,18	215,09 €
Creacións Máxicas	15	62,73	215,27 €
Cyrille Sinclair	2	29	69,00 €
Dani García	1	47	175,00 €
Détour	6	28,83	81,67 €
Día de Furia	3	83,33	235,00 €
Diego Massimini	3	37	61,33 €
Dismal	4	75	298,75 €
Doctor Harapos	5	34,4	81,20 €
Dorian Gray	9	24,33	58,78 €
Edu Manazas & Whiskey Tren	5	56,2	205,40 €
El Cubo	7	59,86	165,71 €
Elodio y Los Seres Queridos	3	66,33	182,00 €
Fabulosos Cubatas de Fockink Brothers	8	48,75	144,75 €
Fernando Esclusa	11	35	61,27 €
Grasa	10	39,3	90,30 €
Gustavo Almeida & Brazilian Night	6	38,33	101,00 €
Heissel	8	61,88	179,88 €
Holywater	8	80,75	279,13 €
Hot3 Sss	4	28,75	101,00 €
Igloo	8	65,38	202,38 €
Ivan & Josito	5	54	186,00 €
Jabón Blue	4	63,5	150,75 €
Jaso&boo Jazz Performance	8	22,75	53,88 €
Jato Neiro Jazz Cuarteto	4	26,75	75,00 €
Jugoplastika	8	46	136,75 €
Kiko Pastur (Ilusionista)	7	43,71	158,71 €
Kin García Trío	5	37,8	146,20 €
Kogito	5	85,4	192,80 €
Le Punk	6	69	236,83 €
Little Albert Boogie Band	8	28,25	67,25 €
Los Casanovas	7	35,71	94,29 €
Los High Sierras	9	61,11	211,22 €
Machina	2	42,5	99,00 €
Mago-Mimo Anyo	4	29,5	80,50 €

Mago Benxamín	1	38	78,00 €
Mago Cali	5	41,2	148,40 €
Mago Marttyn	1	18	54,00 €
Mago Pablo	1	56	138,00 €
Mago Rafa	4	39,75	83,75 €
Mago Richard	1	19	57,00 €
Mago Romarís	4	46	185,50 €
Mago Vituco	4	24,75	79,75 €
Mama Boogie	9	47,22	141,44 €
Martín Camiña	2	60	201,00 €
Miki Nervio & The Bluesmakers	7	58,57	185,00 €
Mitocondrias	5	36,8	98,40 €
Moondogs Blues Party	7	44	115,29 €
Mr. Dixie Jazz Band	8	39,5	176,75 €
Niño y Pistola	7	65	183,71 €
Norge Batista	5	32,4	72,50 €
O Leo I Arremecághona!	7	47,57	94,71 €
O Mago Teto	13	57,69	195,62 €
O Sonoro Maxín	6	83,17	260,50 €
Pacífico	9	61	169,89 €
Pepa e Davide & Madame Cell	7	54,57	150,71 €
Por Placer	10	47,6	107,10 €
Renato Spencer & Café Caxaga	2	18	54,00 €
Rockers Go To Hell	5	59,6	181,20 €
Román García	4	28,5	89,00 €
Samuel Leví	3	20,67	44,67 €
Sax Machine	11	25,55	62,09 €
Stereotipos	6	42,83	128,67 €
Sumrrá	4	47,25	173,00 €
Sweet Oblivion Band	7	51	110,00 €
Swingpool	6	49,33	112,83 €
Tangata	6	32,33	97,50 €
Tango Bar	7	44,86	109,86 €
The Blows	11	117,91	415,18 €
The Turre's Band	5	79,4	209,80 €
Ton Risco/Jacobo de Miguel Dúo	5	31,4	116,20 €
Tonhito de Poi e Rasaloba	4	72,75	183,38 €
Transilvanians	6	98,17	326,67 €
Ú-lo Trío?	5	33,2	108,00 €
Vetusta Morla	6	151,67	526,17 €
Vozes da Rádio	6	50,17	179,67 €
We Are Balboa	5	40,6	128,20 €
Zenzar	5	51,6	144,00 €

SALAS

SALA	CONCERTOS	ESPECT/CONCERTO	FACT/CONCERTO
A Fragua (Redondela)	16	25,06	47,31 €
Ache (Marín)	11	64,82	290,86 €
Aturuxo (Bueu)	26	76,58	281,46 €
Auriense Café Cultural (Ourense)	17	46,65	109,65 €
Babel (Lugo)	7	61,43	220,29 €
Badulake (Ordes)	9	33,78	90,67 €
Bar Liceum (O Porriño)	17	62,18	212,09 €
Baranda (O Barco de Valdeorras)	14	52	156,00 €
Borriquita de Belém (Santiago)	10	46,3	102,30 €
Café-Cultural Roi Xordo (Allariz)	16	48,13	135,31 €
Casa das Crechas (Santiago)	5	29	73,00 €
Catro Camiños (A Rúa)	6	45	90,00 €
Clandestino (Nigrán)	10	33,4	126,90 €

Clavicémbalo (Lugo)	23	34,65	86,96 €
Contrabaja (Vigo)	14	26,79	88,36 €
Disco-Sala Ogmios (Cariño)	1	44	132,00 €
El Ensanche (Vigo)	11	35,45	109,64 €
El Otro Caimán (Monforte de Lemos)	6	68	169,33 €
Forum Celticum (Culleredo)	7	84,71	197,14 €
Garufa (A Coruña)	9	52,89	157,00 €
Jazz Filloa (A Coruña)	8	31,63	158,13 €
Jazz Vides (A Coruña)	21	36	142,24 €
La Casa de Arriba (Vigo)	19	29,42	85,37 €
La Fábrica de Chocolate (Vigo)	27	73,22	220,85 €
La Galeríajazz (Vigo)	8	18,5	92,50 €
La Iguana Club (Vigo)	8	102,63	383,75 €
Manteca Jazz (Vigo)	6	55	235,00 €
Marrucho (Baiona)	14	53,36	122,79 €
Micos (Cariño)	9	26	52,00 €
Náutico (O Grove)	15	41,87	123,40 €
O Con do Moucho (A Illa de Arousa)	9	47,89	100,00 €
Planeta (Sarria)	8	62,13	267,88 €
Pub o Muíño (Cervo)	14	42,79	104,57 €
Pub d'Antón Rock Café (A Laracha)	24	51,08	129,31 €
Pub Gatos (Melide)	24	35,21	98,17 €
Pub Leblón (Pontecaldelas)	12	32,58	41,75 €
Sala Run Rum (Ferrol)	16	57,94	200,06 €
Sala 600 (Melide)	14	85,79	158,14 €
Sala Clan (Xinzo de Limia)	9	70,22	209,00 €
Sala Karma (Pontevedra)	11	63,45	249,45 €
Sala Mogay (Chantada)	10	57,7	173,10 €
Salason (Cangas de Morrazo)	9	51,67	166,44 €
Salón Parroquial (Ponteareas)	14	62,29	94,29 €
Vagalume Café Concerto (Salvaterra de Miño)	10	55	140,00 €
Verbum Jazz (Vigo)	9	32,78	83,44 €
Woodstock (Sanxenxo)	13	34,31	102,92 €
Zona Zero (Caldas de Reis)	17	33,47	103,24 €

TOTAIS RGMV (ATÉ NOVEMBRO)	2007	2008
Concertos	745	593
Público	34.671	29.156
Ocupación	35,49%	36,73%
Facturado	87.368,00 €	86.427,50 €